

Valores Sociais e Cívicos

- Ler o texto e reflexionar as actividades.

Evito enfadarme



A agresividade é unha calidade que mostran moitos animais en diferentes circunstancias: cando se ven ameazados, cando atacan unha presa, cando combaten para ser os líderes da manada...

O que distingue deles ao ser humano é a nosa capacidade de controlar eses impulsos, para evitar que prexudiquen de xeito inxusto aos demais ou a un mesmo. Se nos deixamos levar pola ira, perdemos a capacidade de razoar e podemos rematar facendo algo do que nos arrepiñamos.

As nosas pelexas e, mesmo, as guerras son o resultado de non ter sido capaces de encontrar unha solución amigable, unha vía que nos permita solucionar os problemas dun xeito pacífico e construtivo. De aí que Isaac Asimov, o novelista de ciencia ficción, manteña que «a violencia é o último recurso do incompetente».

É bo manter a calma, ser pacientes e pensar con tranquilidade para encontrar solucións positivas en circunstancias difíciles. Iso distingue os seres humanos dos animais, que reaccionan de xeito primario e irreflexivo.

ACTIVIDADES

- 1 Tedes algún truco para non vos enfadar? Comentádeo na clase.
- 2 Explica por que Isaac Asimov afirma que «a violencia é o último recurso "do incompetente"».
- 3 Pensa nunha situación na que houbo unha resposta agresiva e razoa por que aconteceu. Como se podería ter evitado?